

Diego García Rodríguez  
Director de Orquestra

Nace en Escarabote (A Coruña) en 1976. Logo de rematar os seus estudos superiores de piano nos conservatorios de Santiago de Compostela e Lausanne obtén un Master en dirección de orquestra na “Hochschule für Musik Zürich”. Da súa recente actividade destacan a estrea mundial do melodrama “Die Träumenden Knaben” do compositor alemán Torsten Rasch no “The Two Moors Festival 2009” e a súa participación na “Dartington Summer School”, onde é premiado por “Ingpen and Williams” e “Cath Collins” para traballar co director francés Diego Masson, dirixindo Madama Butterfly de Puccini.

Traballa como invitado coa Orquestra Sinfónica de Málaga, JONDE (no cadro do seu programa de xóvenes directores), Festival de Ópera de Vigo, Orquestra do Conservatório profesional de Santiago de Compostela e co Ensemble do Conservatório de Vigo, entre outras. Ademais forma parte, como pianista, do proxecto “Galicia XXI” ideado polo frautista Luís Soto.

Dirixiu en Suiza, República Checa, Francia, Bulgaria e Liechtenstein, traballando asemade como asistente do director francés Nicolas Chalvin, co que colaborou nas producións operísticas “Le Nez” de D.Schostakovitch na Ópera de Nantes-Angers (Francia) e “Carmen” de G. Bizet na Ópera de Lausanne, ambos espectáculos postos en escea por Patrice Caurier e Moshe Leiser.